

# Guitiriz lembra ao «inmortal» Díaz Castro cen anos despois

O presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, subliñou durante a ofrenda floral na súa honra a fondura dos versos do poeta

Xosé María Palacios | Vilalba / La Voz | 20/2/2014

Crentes dunha relixión ou non, «todos cremos na inmortalidade» e o poeta Xosé María Díaz Castro (1914-1990) «é inmortal». Así o lembrou onte o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, durante a ofrenda floral celebrada no cemiterio de Guitiriz, diante da tumba do autor de Nimbos. A ofrenda foi un dos actos que tiveron lugar en lembranza do poeta no día no que se cumprían cen anos do seu nacemento.

Sendo un poeta recoñecido como figura destacada da lírica galega malia ter publicado só unha obra, Alonso Montero subliñou a fondura dos seus versos: «Non escribiu ningún poema circunstancial», dixo o académico.

No cemiterio léronse versos de Díaz Castro, e o escritor Luís G. Tosar, ademais de recitar un poema dedicado ao autor de Nimbos, salientou a «xenerosidade de corazón» de quen foi «a voz vibrante» do século pasado.

Nun día no que as actividades dedicadas ao poeta comezaron xa pola mañá con presenza de alumnos de centros de ensino, na vila inaugurouse tamén unha exposición sobre o escritor, Nimbos de luz, que promove a Xunta e que percorre en paneis a súa vida e a súa obra. Tras a apertura da mostra, que se exhibirá en vilas e cidades galegas, presentouse o libro Díaz Castro. Vida e obra, do profesor Armando Requeixo.